

XIII
assemblea
nacional

do Bloque Nacionalista Galego

2012

28 e 29 de Xaneiro
Santiago de Compostela

a forza que
Galiza
precisa

DOCUMENTOS

13ª ASEMBLEA NACIONAL DO BNG





Documentos

I 3ª Asemblea Nacional do BNG



TESE POLÍTICA

O clamor emancipista de centos de pobos no mundo actual non ha de eliminar, por mímese, a necesidade e a diferencialidade da loita na e desde a Galiza. É a única vía para contribuírmos a un avance *mundial* na común loita pola paz, pola xustiza e por unha democracia merecente de tal nome. Serán afluentes do mesmo grande río xeral, mais con cursos diferenciados. A sociedade galega ha de ser a que deseñe e protagonice o seu propio proceso de liberación.

O nacionalismo galego naceu e chegou aos nosos días como unha necesidade vital de o pobo galego poder expresarse, defenderse e reclamar un outro estatuto no (des)concerto estatal, europeo e mundial. A *materia* esquerda cobra a *forma* de nacionalismo en sociedades como a galega, porque se precisa devolver colectivamente a dignidade negada, *desaprender* todos os complexos negativos inoculados no noso corpo social, *desprogramarnos* de tanta alienación inducida e dispoñermonos a combater con unidade pola dirección dos nosos destinos colectivos, única maneira de que o progreso individual teña sentido. Esta é a única forma de desenvolver as nosas capacidades produtivas ao servizo dos intereses da maioría.

A Galiza, a nosa nación, non merece naufragar no océano inclemente do imperialismo global. O nacionalismo de que nos dotamos é o mellor instrumento, a mellor nave, para o impedir, e acadar o goberno de nós mesmos, sen tutelaxes nin imposicións.

A crise actual pon ao descuberto de todo o mundo o fracaso do neoliberalismo en todas as súas dimensións: a fe nos mercados liberalizados e desregulados, a hexemonía das finanzas sobre a economía produtiva, a precarización laboral e a contrarreforma fiscal, a globalización financeira e comercial, a privatización de empresas e servizos públicos, a arquitectura neoliberal da Unión Europea, o ataque á soberanía das institucións democráticas representativas, o desprezo ás identidades e á diversidade cultural, lingüística, etc.

Ese fracaso radical vén referendar e cargar de razóns a aqueles que non só non comungamos coas rodas de muíño do pensamento único, senón que mantivemos ergueita a bandeira da crítica, a denuncia e a oposición política a ese modelo. O BNG debe reclamar con clarezza e con orgullo a razón que con toda xustiza lle corresponde. Manter ergueita a bandeira da oposición ao neoliberalismo é, sen dúbida, un activo que o BNG ten que reivindicar. Manter ergueita esa bandeira non foi tarefa fácil, e mesmo chegou a parecer unha aposta arriscada e en exceso a contracorrente. Para algúns mesmo despegada da realidade de máis.

Os feitos actuais demostran as grandes doses de acerto que houbo nos posicionamentos de fondo mantidos pola nosa organización ao longo do tempo, fronte á globalización, fronte aos Tratados de

Maastricht, Tratado Constitucional/Lisboa, fronte a OMC, a directiva Bolkestein, ás privatizacións, aos corsés a sectores produtivos básicos (agrario, pesqueiro, naval...), ás deslocalizacións, á privatización da banca pública, á bancarización das caixas de aforro, etc. Claro está que non podemos agardar que os nosos adversarios e inimigos nos recoñezan os nosos méritos e acertos, porén o BNG pode e debe reivindicar o acerto do seu posicionamento de fondo. O que debe servir para reclamar apoio e confianza nas nosas propostas para construír o futuro, para ofrecer unha alternativa críbel e sólida alicerzada nos nosos sinais de identidade.

I. A Unión Europea como espazo da globalización: A alternativa nacional galega.

A globalización neoliberal é o deseño dos grandes grupos industriais e financeiros transnacionais na busca do beneficio máximo. Estes actúan directamente a través, entre outros, dos foros anuais en Davos e, mediatamente, no seo de institucións como o FMI, o BM, a OMC, a OCDE, ao seu servizo e fóra de todo control democrático por parte dos pobos.

O proceso de globalización non produce interdependencia senón dominio. Instauration unha división internacional do traballo que introduce unha maior competencia entre os traballadores a nivel mundial. Incrementa o grao de explotación e ocasiona un deterioro das condicións de vida e traballo das maiorías sociais. Provoca a expansión sen precedentes do capital financeiro privado en sentido amplo (banca de todo tipo, seguros, fondos de pensión, fondos de investimento, fondos de alto risco, ...), concentrándose en operacións de carácter especulativo. É o intento imperialista de expansión total do capital que implica a desregulación, a privatización das empresas públicas e dos servizos públicos (sanidade, ensino, pensións, transportes, telecomunicacións, auga, ...). Leva a mercantilización a todo tipo de bens comúns, recursos naturais ou aspectos da vida cotián, sexa o ocio, as relacións persoais ou o coñecemento.

A Unión Europea xogou e xoga un considerábel papel como impulsora da globalización capitalista e non exerce como bloque alternativo ao imperialismo dos EUA senón todo o contrario, sempre foi o seu aliado máis fiel. Especialmente coa instauración da Acta única e do Tratado de Maastricht, a UE orientouse pola creación dun espazo económico máis homoxéneo en termos de variábeis monetario-financeiras. O seu obxectivo foi e é ampliar os mercados, eliminar obstáculos ao libre comercio, permitir a liberdade absoluta dos movementos de capital e a supresión das regulacións e intervencións dos Estados nas súas respectivas economías. Estas medidas foron esixidas polos sectores dominantes do capital europeo, nomeadamente pola patronal UNICE e en particular pola ERT (“Mesa Redonda Europea de Industriais”). Está integrada polos dirixentes das 45 máis importantes transnacionais europeas, concentradas nomeadamente nos Estados centrais da UE. A presenza española corre por conta de Inditex, Telefónica e Repsol. Eles ditan a axenda da UE, deixando ben claro que o seu proceso de construción ten que conformarse segundo a lóxica que imprime a globalización ultraliberal, respondendo de forma manifesta aos intereses dos grandes grupos económicos e financeiros. Alén dos seus informes anuais, a mesma estratexia comunitaria

“Europa 2020” integra en grande medida o contido do documento da ERT “Visión para unha Europa competitiva 2025”.

A UE actúa como mascarón de proa globalizador afianzando regras de xogo idóneas tanto na OMC coma no resto de institucións e órganos multilaterais, así como nas súas relacións cos países do Mediterráneo, de África, ou cos outros bloques rexionais existentes a nivel mundial.

Esta específica construción da UE confórmase arredor dun núcleo integrado por un mercado único e a unha moeda única. O seu orzamento é mínimo, en torno ao 1% do produto interior bruto (PIB) dos Estados integrantes, a unha distancia relativa astronómica do que acontece a nivel dos Estados federais (nos que o orzamento federal adoita achegar un 25% do PIB dos estados compoñentes) así como dos espazos estatais e nacionais (o orzamento galego, por exemplo, vén representar un 21% do PIB galego). É imposible que esta UE poida levar a cabo auténticas políticas redistributivas orientadas a alcanzar unha verdadeira converxencia real social e territorial.

A UE, mediante a privatización de sectores, empresas e servizos rendíbeis, baixo a xustificación de eliminación dos “monopolios estatais”, impulsa a conformación de auténticos oligopolios privados sectoriais. Aposta pola reestruturación e liquidación progresiva de sectores ou empresas non rendíbeis, a limitación, desmantelamento, das conquistas sociais, a desvalorización da forza de traballo; en fin, a planificación sistemática da destrución das forzas produtivas en determinados sectores industriais en determinados Estados ou nacións. Temos que subliñar tamén a destrución na agricultura e pesca, a través, entre outros mecanismos, da imposición de cotas máximas de produción, reducidas progresivamente, subvencionando con axudas-esmolos esta diminución da capacidade produtiva real e a perda do dereito a traballar. O caso galego, vén constituír un exemplo ilustrativo do padecemento sistemático deste tipo de agresións na súa economía real. Loxicamente nos últimos anos houbo un intenso devalar da participación dos traballadores, dos autónomos e das pequenas e medianas empresas na distribución da chamada “Renda Nacional”, fronte ao medre nesa participación dos beneficios das grandes empresas e transnacionais e das outras rendas do capital, nomeadamente as de carácter financeiro. De feito esta participación dos traballadores é só o 46% da “Renda Nacional” no caso español e 45% no caso galego. A UE está empeñada nunha saída da crise actual, provocada pola actuación racional, do punto de vista do sistema económico dominante dos sectores financeiros transnacionais, mais irracional e delincuente do punto de vista dos intereses da maioría social, sobre as costas desta sen ningún tipo de rubor, agudizando negativamente cara ao futuro as súas condicións de vida e benestar.

Os Estados integrados na zona euro perderon a soberanía nas políticas monetaria e de cambio. Padecen a fixación dun prezo único do diñeiro (tipo de xuro) en economías tan diversas. Pasan a depender dunha institución sen control democrático ningún, o BCE, como se as súas funcións fosen estritamente técnicas, que ten como obxectivo exclusivo o control do nivel de prezos. Todo isto implica que a existencia dun desequilibrio nunha economía estatal, xa exterior ou interior, conduza necesariamente a unha política de axuste ou de reestruturación. Actúase sobre as únicas variábeis posíbeis, as variábeis reais, como a produción, o emprego, os salarios, as pensións,

ou unha política orzamentaria recesiva, todo o que se traduce directamente nun deterioro no benestar das poboacións afectadas. Non debería ser preciso recordar que na Galiza se reduplican actualmente os efectos que xa padeciamos antes da integración comunitaria, por mor da nosa carencia de soberanía dentro do Estado español.

A “Europa política e social” constitúe unha auténtica ficción para consumo interno dun europeísmo idílico, defensor na práctica desta UE realmente existente. A súa alienación verbo desta idílica UE nada ten a ver coa realidade, como reflicte de xeito nidio a súa socorrida referencia a un suposto e benigno “déficit democrático”, en esencia, un mal menor en relación co reparto de poderes atribuídos ao Parlamento, a Comisión e o Consello. A realidade é que o funcionamento institucional da UE ten unhas carencias tais do punto de vista da democracia representativa que **farían imposible que a UE cumprise os requisitos exigidos aos Estados para formaren parte da mesma.**

O proceso de elección da Comisión, o executivo comunitario, non é democrático; o chamado Parlamento nin sequera conta con capacidade de iniciativa lexislativa nin coas funcións de control. O Consello, a reunión dos representantes dos Estados, é quen leva o peso do goberno da UE. O Tribunal de Xustiza non é ningún garante da separación de poderes senón que funciona como un elemento crucial para achanzar o camiño cara ao mercado único, como o máis sólido aliado da globalización. O Comité das Rexións é un simple órgano consultivo que reúne as nacións sen Estado cunha morea de entes de carácter simplemente administrativo.

En resumo, as teses e ideario concretado nas diferentes Asembleas Nacionais do BNG desde a súa fundación en 1982, téñense manifestado nunha posición moi crítica e contraria a respecto deste proceso de construción e integración hierarquizada estatal so o dominio patente do Estado alemán, ou en todo caso do eixo franco-alemán. O seu deseño nega as nacións sen Estado e é contrario a unha “Europa dos Pobos”. Responde á política do capital transnacional, que actúa como un poder supraestatal ditando unha política económica antisocial e contraria ao desenvolvemento autocentrado das nacións sen Estado. Ten moi graves consecuencias para a base material e produtiva da nosa economía. Maníéstase contraria ao recoñecemento do dereito colectivo-democrático á autodeterminación facendo imposible calquera perspectiva de “alongamento interno” dentro da propia UE. Mesmo é contraria a recoñecer a plena utilización das linguas nacionais cooficiais no Estado Español como oficiais no ámbito das diferentes institucións comunitarias. No entanto, ao formar parte o galego e o portugués do mesmo sistema lingüístico, a nosa lingua pode ser usada oralmente e por escrito en calquera instancia europea. Esta posibilidade de uso oral e escrito será sempre prioritaria para as/os nosas/os eurodeputadas/os.

Naturalmente o BNG debe estar presente en todos os ámbitos onde se toman decisións que afectan gravemente á nosa economía, posibilidades de desenvolvemento autocentrado e benestar da nosa poboación. Calquera que sexan as limitacións da Constitución española, do Estatuto galego e do proceso de construción específico da Unión Europea realmente existente, temos que exercer a nosa oposición a estas agresións, defendendo en todas as partes as nosas alternativas

para resolver os diferentes problemas do punto de vista dos intereses da nosa nación, que é o noso compromiso político e vital fundamental.

A nosa alternativa.

Dentro das actuais circunstancias, para actuar con acerto táctico dentro da UE, defenderemos os seguintes obxectivos:

- A UE como confederación autenticamente democrática no canto de simplemente intergubernamental estatal, na cal os papeis centrais correspondan a un Parlamento e a unha Cámara das Nacións con dereito a veto.
- Unha UE que recoñeza plenamente a súa realidade plurinacional, pluricultural e plurilingüe, admitindo o dereito de autodeterminación das nacións sen Estado como suxeitos esenciais de dereitos e deberes. Galiza como circunscrición electoral. Presenza directa de Galiza en todas as institucións da UE. Galiza, de acordo co principio de subsidiariedade, participará na elaboración das políticas vinculantes que afecten as súas competencias. Recoñecemento do galego como lingua oficial da UE.
- Unha UE social fundada na harmonización dos dereitos sociais e laborais, coa garantía e afianzamento do dereito a un traballo digno e de calidade, a redución do tempo de traballo; a defensa duns servizos públicos de calidade; dotada dun tamaño orzamentario que permita promover unha política de redistribución económica, social e territorial inherente a todo espazo político-social verdadeiramente tal, fundada nunha fiscalidade suficiente baseada no principio de progresividade, que contemple a imposición sobre o control dos capitais especulativos, sobre as grandes fortunas e sobre a utilización de enerxías non renovábeis. Control democrático sobre o BCE e as políticas monetarias. Anulación do Pacto de Estabilidade. Xestión directa por Galiza de todos os fondos que lle correspondan calquera que sexa o seu



tipo, de acordo cos criterios establecidos, en especial os chamados fondos estruturais e os dedicados as políticas agraria e pesqueira e á investigación e innovación.

- Unha UE como espazo común de liberdade, seguridade, benestar social e xustiza que promova un desenvolvemento sustentábel na busca de satisfacer as necesidades dos seus cidadáns e pobos, respectuosa co medio ambiente, e que asegure a cohesión económica, social e territorial dos seus Estados e nacións integrantes como unha prioridade política esencial. Unha UE que combata todo tipo de discriminación coa súa cidadanía e cos pobos que a integran, que promova a igualdade entre homes e mulleres e que defenda activamente as liberdades sexuais, a equiparación de dereitos e a plena autonomía de todos os seres humanos.
- Unha UE que aplique unha política migratoria positiva baseada en acordos internacionais e no respecto pleno dos dereitos humanos e sociais dos inmigrantes.
- Unha UE que conte cun proxecto ecoloxicamente sostíbel, capaz de asumir as súas responsabilidades coas xeracións futuras e de facer compatíbeis as súas formas de produción, transporte e consumo co benestar e non coa ruína do resto dos pobos do mundo. Que respecte como mínimo os acordos internacionais sobre o cambio climático e a contaminación, mais oposta a calquera tipo de mercantilización dos “dereitos de emisión”. Que fomente a investigación e implantación das enerxías renovábeis e que preserve os bens naturais como a auga e os ecosistemas e a biodiversidade. Que defenda e promova a agricultura labrega e ecolóxica.
- Unha UE que rexeite a confiscación e privatización de saberes e coñecementos públicos en nome dun dereito de propiedade intelectual.
- Unha UE autónoma e pacifista, libre de armas de destrución masiva, de misións imperialistas, e que promova a disolución das alianzas militares, particularmente da OTAN. Que protexa a paz no seu territorio e que rexeite a guerra como instrumento de agresión contra da soberanía, os dereitos e liberdades doutros pobos. Unha UE instrumento para resolver as disputas internacionais.
- Unha UE cuxa política exterior se guíe polos principios de igualdade, respecto mutuo entre todos os pobos do mundo e solidariedade. Que promova a paz, o desarmamento, a erradicación da pobreza e a protección dos dereitos individuais e colectivos, unhas institucións internacionais plenamente democráticas así como unha nova organización internacional do comercio fundamentada nos principios dun comercio equitativo e xusto entre todos os pobos do mundo. Que promova un novo pacto democrático internacional contra do cambio climático e das epidemias que aflixen á humanidade, así como para garantir a seguridade alimentaria para todos os habitantes da terra.

2. A actual crise económica, social e política no Estado español e a súa incidencia na Galiza.

O modelo económico de capitalismo oligopólico, causante da actual crise, está evidenciando a máis absoluta subordinación dos gobernos ao poder oligárquico e financeiro e aos organismos internacionais como o FMI, o Banco Mundial, a Comisión Europea, ou o BCE. As políticas regresivas e antisociais, marcadas pola Unión Europea e aplicadas en toda a súa amplitude polo Goberno do Estado e da Xunta de Galiza, tórnanse máis perniciosas en nacións como a galega, unha vez que, pola nosa condición de periferia económica, pola falta total de soberanía, ningunha institución actúa tendo en conta os intereses do pobo galego.

O Estado español, en relación coa crise económica, actúa de facto sometido á dureza das esixencias da UE cos Estados actualmente intervidos. Chegouse mesmo a reformar a intocábel Constitución española para establecer que a prioridade das administracións é pagar empréstitos e xuros, por enriba de calquera outro obxectivo, alén de fixar no 60% do PIB a porcentaxe permitida de débeda acumulada, porcentaxe amplamente superada por todos os Estados da UE.

Velaí que ao drama da crise económica e social, súmaselle a crise política, a crise da democracia formal e das súas institucións representativas, socialmente desprestixiadas e cuestionadas de forma contradictoria. A democracia formal está en crise a golpe de decisión dos poderes oligárquicos, que se traduce no Estado Español tamén nunha forte recentralización, parella a unha xerarquización e medre da desigualdade social, económica e política no seo da UE. A eliminación dos obstáculos na acumulación de máis riqueza en favor do grande capital e das empresas transnacionalizadas, tórnanse no Estado español en chamadas á españolización. A autonomía redúcese a unha descentralización administrativa en consonancia coa tradición uniformadora, especialmente agresiva cos movementos populares nacionalistas, agora chamados a seren laminados para mellor beneficio do capital financeiro internacional. Así é que a virulencia da crise económica estase manifestando no Estado español nun centralismo imposto desde varias fronteiras (económica, política, sociolaboral, educativa, cultural ou lingüística).

As políticas do Goberno español e do Goberno da Xunta impiden superar esta crise, pois para nada se pensa no desenvolvemento en Galiza dunha economía baseada no traballo produtivo, xerador de emprego digno, a través da industria, da agricultura e da pesca, sectores esenciais para crear riqueza.

Nos últimos meses temos exemplos abondosos da orientación antisocial e antinacional galega das medidas que se toman. Coa privatización das caixas de aforro espólianse aínda máis os nosos aforros. A inacción perante a agonía do sector naval galego e perante a prohibición de construír barcos na ría de Ferrol caracterizan os dous gobernos, central e autonómico. A discriminación co noso sector enerxético exprésase na aprobación e aplicación do chamado “Decreto do Carbón”. Medra o ritmo da destrución do sector industrial (téxtil, automóbil, ...). Non paran as reestruturacións do sector agrario e pesqueiro. Como consecuencia, o pequeno e mediano comercio e grande parte do sector dos autónomos, está reducindo a súa dimensión e

empobrecéndose.

No plano social, os sucesivos recortes sociais sobre unha realidade comparativamente precaria, vía redución do gasto e vía privatización de servizos públicos, agravan as desigualdades sociais. Súmanselles as permanentes reformas, como a laboral, a do sistema público de pensións, ou a da negociación colectiva, para favorecer o despedimento libre, a precariedade laboral, as reducións salariais e perda do poder adquisitivo, o empobrecemento de miles de galegos e galegas.

Estas políticas teñen un impacto negativo na sociedade galega en xeral, mais que repercute de maneira diferente en homes e mulleres. A situación de desigualdade das mulleres no acceso ao emprego, na maior precariedade laboral, no diferencial salarial, no desigual reparto das tarefas do coidado e reprodutivas, estase vendo agudizada pola crise e as políticas que os gobernos central e galego teñen adoptado neste período. A crise estase aproveitando para cuestionar dereitos conquistados nas últimas décadas e que o BNG sempre defendeu. Retorna un discurso regresivo que sitúa as mulleres no seu rol tradicional e que cuestiona dereitos fundamentais como a información sexual e anticoncepción e o dereito ao aborto gratuíto na sanidade pública. É preciso denunciar esta situación e darlle unha resposta á crise que teña na igualdade real entre mulleres e homes un elemento central da nosa alternativa.

Continúa o alarmante retroceso demográfico, o envellecemento da poboación, o aumento imparábel do desemprego, a destrución de dereitos sociais, o aumento das desigualdades, a emigración e o desemprego xuvenil, o retroceso nas condicións de vida, a privatización dos servizos públicos. Nunha palabra, agrávanse, no caso galego, os indicadores historicamente negativos en relación co conxunto do Estado español.

Cómpre, pois, reivindicar o dereito de Galiza a decidir, e ilustrar sobre o papel transformador do nacionalismo galego, como ferramenta política útil e insubstituíbel para lograr a mudanza da situación. Reafirma o BNG como a alternativa política fronte á crise, pola súa defensa doutras políticas, nas que ten un papel central a intervención pública para a reactivación económica, fomentando a economía produtiva e a aplicación de medidas a prol da maioría social.

2.1. As carencias do modelo autonómico actual.

No caso de Galiza unha mínima reflexión sobre o que ten ocorrido deixa en evidencia todas as carencias do modelo autonómico actual. As limitadas competencias, mesmo as que figuran como exclusivas no Estatuto, están constantemente atravesadas e condicionadas por decisións que se toman noutros ámbitos. Só tanxencialmente podemos actuar sobre os nosos sectores produtivos estratéxicos ou a nosa capacidade financeira ou fiscal. É tan débil e escasa de garantías a formulación competencial autonómica actual que basta que unha forza política como o PP, que non considera Galiza como suxeito político con aspiración de ter toda a capacidade para decidir, governe na Xunta, para que sexa posíbel que a única estratexia que se practique desde a Xunta fose, até as eleccións do 20-N, responsabilizar ao goberno central de todo. Parece claro que se

precisa unha mudanza substancial do actual marco autonómico e por suposto das institucións e tribunais que actúan como garantistas do mesmo.

Hai xa trinta anos entraba en vigor, con moi escaso respaldo popular, o Estatuto de Autonomía de Galiza, derivado e outorgado por unha Constitución española elaborada após a morte do ditador, nun contexto político non democrático. Os poderes do Estado español non pretendían co sistema autonómico ningunha democratización da estrutura territorial, senón a utilización do mesmo como freo ás lexítimas aspiracións dos nacionalismos galego, vasco e catalán. Fronte ao dereito de autodeterminación, autonomía administrativa (que non política). Continuaría a operación coa posterior homologación política práctica de nacións con rexións reconvertidas en comunidades autónomas, co ánimo de ocultar os tres auténticos problemas nacionais historicamente non resolvidos no Estado español.

Trinta anos despois é posíbel comprobar como, no caso galego, o sistema constitucional e autonómico non serviu (tamén é verdade: coa inestimábel axuda de forzas españolistas no seu goberno) para promover un proceso de desenvolvemento económico, social, cultural e lingüístico que equiparase a nosa nación a outros territorios en termos de renda, servizos ou crecemento autocentrado.

Mais nos últimos tempos téñense operado mudanzas na dinámica política do Estado que é preciso analizar para podermos orientar adecuadamente a actuación política presente. Estas mudanzas foron particularmente negativas en relación á articulación do Estado e ás aspiracións de autogoberno das nacións oprimidas que fan parte del.

A sentenza do Estatuto de Catalunya, no ano 2010, veu pór fin a un proceso que xerara expectativa de poder avanzar desde o actual marco autonómico pola vía de alargar progresivamente as competencias propias e exclusivas das nacións. Porén, a sentenza non só evidenciou os límites que os poderes reais do Estado están dispostos a permitir, mais tamén posibilitou constatar como para os establecer, contra o máis elementar principio democrático, pasa por riba das decisións adoptadas por órganos representativos e até mesmo da vontade popular expresada en referendo. Mais a sentenza só veu dar o último toque a un proceso de freo das aspiracións nacionalistas que pasou previamente polo rexeitamento no Congreso do Estatuto Político de Euscadi (Plano Ibarretxe) e por recortes do propio Estatuto Catalán aprobado no Parlament de Catalunya.

No caso da Galiza, a posición sucursalista de Partido Popular e Partido Socialista non permitiron sequera aprobar unha proposta que supuxese alargar, no mínimo que fose, as competencias de Galiza e avanzar para o recoñecemento do noso País como Nación, mesmo nun plano puramente simbólico ou declarativo. A actual maioría absoluta dun Partido Popular belixerantemente españolista cerra calquera hipótese de modificación parlamentaria do actual cadro autonómico.

Para alén diso, asistimos a un decidido proceso de recentralización política do estado, liderado por un PP españolista, mais no que o PSOE tamén se sente á vontade. Dunha parte, apróveitase demagoxicamente a crise económica como pretexto para articular un discurso que procura a

lexitimación dese proceso presentando as comunidades autónomas (todas elas, tamén as nacións) como entes superfluos, caprichos históricos excesivamente gastadores, para argumentar que o estado autonómico é insustentábel. Doutra, comezan a tomar medidas prácticas que visan o mesmo obxectivo: uso abusivo da lexislación básica do Estado para limitar o alcance das competencias autonómicas; bloqueo do traspaso de novas competencias; ausencia dunha autonomía financeira real como consecuencia dun modelo de financiamento autonómico inaceptábel e da introdución de límites de gasto ás comunidades autónomas; rol político dun Tribunal Constitucional que rabela con suposta “legalidade” as cativas competencias exclusivas atribuídas ás comunidades autónomas, nomeadamente no caso galego, e así sucesivamente.

2.2. A necesaria superación do modelo autonómico e do marco constitucional.

A situación xerada pola crise económica e as medidas adoptadas polo goberno español puxeron en evidencia a inadecuación do modelo autonómico e vincularon máis claramente a cuestión social á nacional. Hoxe a sociedade galega está a comprobar como desde o poder central se nos impoñen políticas neoliberais, lesivas para os intereses dos e das traballadoras, e recortes de dereitos sociais e laborais que reducen o noso benestar e as nosas posibilidades de futuro. E ao tempo constata como a Galiza non posúe os suficientes mecanismos competenciais que nos permitan adoptar políticas diferentes, adecuadas ás nosas necesidades, sendo certo que os escasos que posúe, o Goberno actual non os utiliza. Precisamos capacidade real de decisión para podermos adoptar outras políticas ao servizo do pobo galego, de xeito que se vinculen as posibilidades dunha saída da crise socialmente xusta coa soberanía.

Alén disto, estamos diante dunha crecente crise de lexitimidade do sistema, con segmentos cada vez máis amplos da poboación a pór en cuestión o funcionamento das institucións e até as propias institucións, como é o caso da monarquía. É o momento, por tanto, de enunciar aspectos da nosa alternativa que estaban implícitos e que agora deben ser explicitados politicamente: o cuestionamento das institucións e modelos que o deseño da transición foi vertebrando, e que hoxe aparecen como obsoletos e inútiles para resolver os problemas. Nese sentido, cómpre facer entender á sociedade galega que os perigos de involución centralizadora non se esconxuran defendendo o existente tal e como está, mais superándoo nunha dirección favorábel á maioría social e á soberanía nacional.

Todos estes elementos conforman un contexto en que é máis evidente que nunca que o modelo autonómico é inadecuado para os intereses de Galiza, está moi restrito constitucionalmente e, en consecuencia, pouca ou ningunha posibilidade ofrece de avanzar a partir del no camiño do pleno autogoberno. Por iso a defensa de propostas tácticas polo BNG, cando for oportuno, debe ter moi en consideración se axudan a reforzar o camiño, a estratexia, para avanzar cara á soberanía nacional. A soberanía debe concretarse, a través do exercicio de autodeterminación, nun Estado galego democrático, laico e republicano: a República da Galiza. A participación, se así o decidir o pobo, do Estado Galego en unidades políticas superiores, quer no ámbito peninsular

—de tipo confederal—, quer no europeo e internacional, terá como condición indispensábel o pleno respecto á súa soberanía.

2.3. As nosas propostas tácticas.

Polo tanto é necesaria a combinación intelixente e pedagóxica de táctica e obxectivos estratéxicos para podermos avanzar socialmente. É preciso actuar tamén dentro das institucións actuais con eficacia e obxectivos definidos, defendendo tamén desde elas os intereses inmediatos da maioría social, do pobo galego. Nese sentido, debemos manter a defensa de mudanzas no actual sistema que vaian na liña de alargar as competencias e a capacidade de decisión do noso País, así como o avance no recoñecemento do carácter plurinacional e a democratización do Estado. Estas propostas permitirán xerar contradicións que contribúan para posicionar a cada vez máis pobo do lado do nacionalismo e para reforzar a consciencia nacional e a autoorganización. Neste contexto, defenderemos o seguinte:

- O BNG, como alternativa nacionalista, apostará, nos casos en que sexa posíbel, por impedir gobernos do PP, tanto nas deputacións como nos concellos. Este criterio non debe de ser entendido como unha obrigaón de participar en cogobernos co PSOE, cuestión que debe ser valorada polas Asembleas Locais respectivas, dentro da estratexia xeral deseñada pola dirección do BNG.

I.- Modificación do sistema electoral: Galiza como circunscrición, tanto nas eleccións estatais como europeas e autonómicas. Sistema proporcional de resto máis alto.



- Fomento doutras vías de participación social: consultas populares, flexibilización de condicións para a presentación de iniciativas legislativas populares, etc.
- Supresión das Deputacións provinciais e da Delegación e subdelegacións do Goberno español na Galiza.
- Reformulación profunda do Tribunal constitucional, convertido na actualidade nun instrumento de presión e limitación para frear o poder das nacións do Estado no seu propio ámbito, mesmo no actual marco autonómico.
- O sistema xudicial esgotará a última instancia na Galiza.
- Transformación do Senado nunha cámara de representación territorial das nacións.
- Oficialización plena e efectiva da lingua galega en todos os ámbitos oficiais e sociais, tamén nas institucións do Estado, incluídas as de representación (Congreso dos Deputados).
- Presenza institucionalizada da Galiza, con capacidade de negociación e decisión, en todos os organismos –estatais, europeos ou internacionais- onde se adopten acordos que afecten ao presente e futuro dos sectores estratéxicos da economía galega.
- Blindaxe competencial, sen limitacións nin interferencias.

2.- Xestión propia das redes de transportes e infraestruturas (portos, aeroportos, camiños de ferro...). Reivindicar e promover a creación dun sistema único aeroportuario galego, especializando o actual modelo evitando a duplicidade de liñas e a competencia entre os tres aeroportos do noso territorio. Activación e despregamento da Policía Galega, para substituír no noso territorio os corpos españois da Garda Civil e Policía Nacional.

- Defensa dos servizos públicos esenciais e das conquistas sociais básicas para garantir a súa permanencia e carácter público.
- Intervención pública na economía. Singularmente nos sectores estratéxicos (recursos naturais, enerxía e telecomunicacións) e a través dun sector financeiro público.
- Superación da situación de aguda crise económica coa articulación de alternativas viábeis para un modelo de desenvolvemento de Galiza ao servizo dos sectores populares, con capacidade de xeración de emprego digno e atención especial a mulleres e mocidade.
- Coidar a nosa actuación, tamén no eido simbólico, na defensa dos nosos principios e dunha sociedade laica e antimilitarista. Os nosos cargos institucionais, como tales, non participarán naqueles eventos que supoñan contradición cos principios e posicionamentos do BNG.
- Eliminación da simboloxía franquista e derogación de todas as distincións honoríficas ás persoas que participaron en cargos institucionais no réxime franquista ou na represión do pobo. Anulación da Lei de Amnistía de 1977 e xuízo para os responsábeis de crimes contra a humanidade, en aplicación da xustiza universal.

2.4. O noso modelo territorial.

O vixente modelo territorial galego, artellado xuridicamente sobre concellos e provincias tense demostrado ineficaz e non axeitado ás peculiaridades poboacionais, demográficas e territoriais de Galiza. Non en van, cómpre lembrar que a decimonónica e artificial división territorial en provincias forma parte do acervo xurídico-político do xacobinismo español da época.

A proposta do BNG deberá apostar por un modelo racional, efectivo e acaído á propia configuración do País. Modelo que debe priorizar a desaparición das Deputacións Provinciais –vencellada non só a unha aposta de “austeridade en tempos de crise” senón prioritariamente a que a división provincial non respecta as nosas especificidades nacionais e territoriais e, xa que logo, non é eficaz-, a comarcalización de Galiza -entendida como proceso no que as comarcas se configuran como suxeitos de vertebración territorial con personalidade xurídica propia e cunha finalidade primordial de cooperación, coordinación e prestación conxunta de servizos entre concellos- e a eventual agrupación de concellos e comarcas. Así mesmo, o noso modelo territorial debe dotar de contido e personalidade xurídica ás parroquias, como enclaves xenuínos e tradicionais.

É evidente que cumpriría establecer os pasos para trasladar as competencias que actualmente teñen as deputacións, ben ao ámbito dos concellos-mancomunidades, ou como competencia do goberno galego.

A demanda dunha *Lei de Financiamento* dos concellos galegos debe de ser unha das prioridades da nosa axenda política. Aspiramos a estruturar mecanismos que permitan ás facendas locais –cun criterio de autorresponsabilización– manter os servizos básicos que a cidadanía precisa.

A división provincial a que se fai referencia tamén deixou fóra das catro provincias da Comunidade Autónoma Galega territorios que historicamente foron recoñecidos como tales, e nos cales perviven hoxe a cultura e a lingua galega, e que comparten análogos trazos definitorios, económicos e sociolóxicos. Historicamente, o nacionalismo galego ten defendido a galegitude dos territorios coñecidos popularmente como “Galiza Irredenta” (comarcas de Eo- Navia, Ibias, Bierzo, Cabrera e Seabra). Tamén se teñen producido ao longo do tempo diferentes reivindicacións de integración na nosa Comunidade Autónoma de varios dos concellos desa faixa leste.

O BNG impulsará, na medida das posibilidades, que a vertebración territorial en comarcas conleve o reforzamento de lazos cos concellos encadrados nesas comarcas, ofrecendo colaboración principalmente na normalización lingüística e no aprofundamento de relacións institucionais -irmandamentos, creación de entes supramunicipais, promoción de actuacións comúns, etc.-.

Tamén no eido organizativo, e na medida das posibilidades, o BNG tentará ter estrutura organizada nesas comarcas que lle permita facer traballo político no sentido que antes foi citado. No caso de non ter o número de militantes mínimo para constituír asembleas locais ou comarcais, adscribiranse á comarca máis próxima.



2.5. O autogoberno e o modelo económico e social.

A loita pola soberanía nacional vai emparellado coa mudanza social e económica a favor das maiorías sociais. O noso modelo económico e social ao servizo do pobo galego fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Galiza precisa dun sistema financeiro que permita un control público dos recursos propios. Xa concluída a transformación de NCG en Banco, froito da privatización das Caixas de Aforro, a creación dunha banca pública é crucial para garantir a canalización de recursos cara as familias e pequenas e medianas empresas, ao servizo do desenvolvemento dunha economía produtiva.
- Galiza pódese valer por si mesma a través da creación dunha Axencia Tributaria Galega, con capacidade de xestión e normativa sobre o sistema tributario. Sexamos conscientes de que sen un sistema financeiro e fiscal propio a autonomía é imposible, moito menos a soberanía á que aspiramos.
- Defendemos outra política fiscal, como peza clave na redistribución da riqueza, dotando á administración galega de recursos destinados a cubrir un sistema público de protección social, os servizos públicos e sociais, gratuítos e en condicións dignas, así como para poder investir en infraestruturas e na creación de empresas públicas en sectores estratéxicos da nosa economía: financeiro, telecomunicacións, enerxético, transporte ou alimentación. Esa política fiscal pasa por implantar un sistema impositivo moito máis progresivo, reformando o imposto de sociedades, incorporando as SICAVs e outras sociedades de investimento especulativo ao réxime xeral do Imposto de Sociedades, eliminando os impostos indirectos e do IVE sobre os bens, produtos e servizos de consumo básicos, reducindo os impostos sobre as rendas do traballo, recuperando o imposto sobre o patrimonio, subindo os impostos ao capital e as rendas máis altas, e rematando coa fraude fiscal e os paraísos fiscais.
- É necesario e imprescindible ampliar o gasto social, para afrontar a crise desde unha perspectiva baseada na protección social, na creación de emprego, na redución das desigualdades sociais, en definitiva para dinamizar a economía nunha dirección positiva para o pobo.
- Defendemos o dereito fundamental a un sistema público de pensións que contemple o mantemento da idade de xubilación aos 65 anos, o incremento das pensións mínimas, o mantemento do poder adquisitivo das mesmas e a redución dos anos cotizados para o seu cálculo.
- Apostamos por desenvolver as potencialidades do noso país, e non deixalas aos designios dos mercados e do capital privado. Defendemos unha intervención activa do sector público na economía nestes ámbitos: no sector financeiro (banca pública), na creación de empresas públicas en sectores estratéxicos, na creación de infraestruturas e servizos tecnolóxicos avanzados, así como no control público das empresas oligopolísticas que prestan servizos esenciais (enerxía; infraestruturas viarias, portuarias e aeroportuarias; transporte camiño de ferro; saneamento e tratamento dos residuos, etc).

- A respecto dos servizos públicos propónse:

- Suprimir progresivamente os concertos establecidos coas empresas privadas, nomeadamente no ensino, nos servizos sociais e na sanidade, e absorción e prestación destes servizos directamente pola administración correspondente. O BNG impulsará a revisión das Leis que facilitan, cando non promoven este modelo.

- Mellorar, reforzar e ampliar os servizos públicos precisos para facer fronte ás necesidades sociais do conxunto da sociedade -nomeadamente dos sectores máis desfavorecidos- asegurando uns niveis de prestación garantidos para toda a cidadanía, creando emprego e transformando o temporal en estábel.

- Suprimir todas as fundacións constituídas para xestionar empresas, institucións ou órganos públicos, integrándoas na administración correspondente. Absorción paulatina dos servizos privatizados das diferentes administracións.

- Ampliar a xestión pública en servizos que foron ou están sendo privatizados nos concellos como a limpeza, abastecemento de auga e depuración, parques e xardíns, escolas infantís, servizos socioculturais e administrativos, servizos provinciais de emerxencia, parque comarcais de bombeiros, servizos provinciais de emerxencia, etc.

- Conseguir un sistema educativo plenamente galego, público e laico, planificado e ordenado en función das nosas necesidades, inserido na nosa realidade social, económica e cultural e ao servizo de todos os galegos e todas as galegas, obrigatorio dos 3 aos 18 anos. Recuperar as Galescolas como modelo educativo público galego para a educación infantil de 0 a 3 anos.

- Suprimir en primeiro lugar os concertos dos centros que segregan o alumnado por razón de sexo e os establecidos para o ensino non obrigatorio.

- Conseguir dun verdadeiro sistema universitario público e galego, previsto de financiamento necesario, ao servizo da transformación e o desenvolvemento de Galiza e asegurando o acceso universal á universidade. Arbitraranse os mecanismos necesarios para a cooperación entre as tres universidades galegas co horizonte estratéxico dunha unificación real das mesmas nunha única universidade descentralizada de carácter nacional, co obxecto de servir aos intereses e necesidades do pobo galego.

- Mellora e ampliación da oferta da Formación Profesional, garantindo no ámbito comarcal a existencia de cualificacións para o acceso ao emprego segundo as características socio-económicas do contorno.

- Apoiar as actividades de I+D+i en institucións públicas, priorizando proxectos centrados nas necesidades específicas de Galiza e na mellora da produción.

- Desenvolver unha política lingüística activa, dinámica e integradora na procura da normalización do galego e exixir a aplicación do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento. Isto require, entre outras cousas, derrogar o decreto imposto do

‘plurilingüismo’ para termos un decreto que procure que o ensino sexa un elemento galeguizador, como o podía ser o decreto de mínimos 124/2007 de uso e promoción do galego no ensino; así como establecer de maneira efectiva a acreditación da competencia plena en lingua galega para o acceso á función pública.

- Reforzar o sistema sanitario galego coa dotación orzamentaria suficiente que garanta un sistema sanitario público, gratuíto e de calidade ao conxunto da poboación galega, corrixa as desigualdades territoriais, incrementando os centros sanitarios.

- Defender activamente o sistema sanitario público, rexeitando a actual política de concertos coa sanidade privada. Modificación da Lei de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas para garantir a incompatibilidade do traballo na función pública con outro tipo de traballo no sector privado aos profesionais do sector sanitario. Implantación das medidas necesarias que permitan corrixir os problemas de acceso á atención sanitaria, en particular o tempo que hai que agardar nas listaxes de espera para diagnóstico e tratamento cirúrxico.

- Reivindicar uns servizos sociais públicos asentados na prevención, na atención integral ás persoas e que cubran as necesidades do conxunto da poboación galega.

- Defender unha política de vivenda que teña por obxecto o exercicio pleno do dereito a unha vivenda digna, que poña coto á especulación neste ámbito e que elimine os abusos da actual lexislación hipotecaria.

3. A normalización lingüística.

A normalización lingüística é un proceso que procura a xustiza social no ámbito sociolingüístico para que os galegos e as galegas poidamos manter a visión do mundo desde a óptica que só nos pode dar a lingua propia do noso país. E, este proceso, ou é asumido pola cidadanía, ou non se consegue. Por iso, para acadar a normalización da lingua galega, que é unha das razóns de ser do BNG, é fundamental procurar sempre o convencemento e a empatía cidadá.

Para iso, a nivel orgánico, debemos procurar o fortalecemento do noso compromiso, mediante a determinación de liñas de acción, de debate e de accións formativas e informativas; a nivel institucional debemos procurar o desenvolvemento dunha política lingüística activa e dinámica que procure avances efectivos de uso e prestixio do galego en todos os ámbitos da sociedade (mocidade, novas tecnoloxías, xustiza, ensino, sanidade, administración, deporte, etc.); e a nivel social debemos, por unha banda, apoiar e estar do lado de todas as persoas, sectores e movementos máis proclives á normalización lingüística e, pola outra, lanzar un discurso efectivo na procura do convencemento do conxunto da cidadanía.

A Constitución vixente non só non o resolveu senón que mantivo a xerarquía española e españolizadora, tamén no mantemento superior do español como única lingua oficial a todos os efectos. O galego é cooficial no seu territorio, pero con limitacións prácticas e de facto que



o convertem nunha lingua discriminada. Grave é o feito de o Estado e a Comunidade Autónoma desprezaren o cumprimento e a observancia debida da “Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias”, aprobada e ratificada ao máximo nivel (Xefatura do Estado) en 2001. Mais o momento galego actual coñece a conxunción de dous fenómenos que resultan igualmente da maior gravidade: dunha banda, levamos acumulado un importante atraso histórico, por mor da inaplicación da (cativa) lexislación iuslingüística existente e por falta de vontade real por captar espazos públicos para o galego; doutra banda, esta política, que non só non evoluiu favorabelmente para a maior presenza social e pública da lingua, senón que involuíu, desmantelando e destruindo espazos normativos xa conseguidos, acomódase perfectamente ao designio globalizador, do imperialismo máis histórico, onde linguas como o galego -e toda a especificidade cultural del derivada- sobran sen máis, porque alteran ou feren -minimamente que sexa- a homoxeneidade do imperio anglo-español.

A chegada do PP á Xunta de Galiza, após unha campaña que conseguiu situar a idea dunha falsa “imposición lingüística do galego” nun dos eixos principais das propostas do futuro goberno, supuxo unha serie continuada de ataques á lingua en moi diferentes ámbitos: a inmediata derogación do Decreto 124/2007 polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo foi seguido da publicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia a pesar do clamor social en contra; realizouse unha modificación unilateral da Lei da función pública que supuxo a eliminación da obriga de demostrar o coñecemento do galego nas probas de acceso; elimináronse igualmente as subvencións a entidades para a normalización lingüística; suspendéronse as axudas ás entidades locais para este mesmo fin, así como as axudas para a elaboración de materiais curriculares en galego. Todo isto estivo acompañado da creación unilateral dunha suposta rede de dinamización lingüística, sen orzamentos nin contidos, que non

implica para as entidades que a ela se adheriren ningún compromiso de mantemento nin de fomento do galego. Entre outras consecuencias de relevo, coas últimas decisións, o Partido Popular está a impulsar a eliminación do labor desenvolvido no ámbito da planificación lingüística e a lanzar mensaxes ateigadas de preconceitos, que tentan reducir o uso do galego ao ámbito do privado e/ou do ritual, ao afirmaren que unicamente con garantir o seu coñecemento a administración xa cumpre.

Nesta conxuntura, a reclamación de que se desenvolva o Plan xeral de normalización da lingua galega, punto de partida de consenso tras a súa aprobación por unanimidade no Parlamento galego en 2004, debe ir acompañada da defensa inequívoca da lingua galega en todos os ámbitos sociais –educación, administración, sanidade, xustiza, economía, servizos sociais etc. É tamén responsabilidade do nacionalismo organizado combater os novos preconceitos que se foron (re) introducindo na sociedade galega nos últimos tempos, defender discursos coherentes co noso compromiso lingüístico e garantir unha práctica consecuenta con estes principios.

4. A normalización cultural.

É vital, desde a Galiza e desde o nacionalismo galego, seguirmos a vincular loita lingüística e loita cultural co presente e o futuro soberanos da nación. Son elas o espello máis expresivo do noso dereito á existencia como pobo digno e non servo. Todo avance na extensión social e pública do idioma galego vai supor un chanzo positivo máis na reconquista da autoestima colectiva perdida e, tamén, na necesidade de conseguirmos traballo na terra, control dos propios recursos, aproveitamento da enerxía e institucións políticas que o garantan. Cómpre crear e/ou reforzar todos os instrumentos que temos ao servizo da identidade dinámica e viva que é preciso atender nas seguintes fronteiras:

- O coñecemento e divulgación da historia nacional.
- O coñecemento e valorización do riquísimo patrimonio histórico-artístico.
- O consumo prioritario da cultura actual en todas as súas producións.
- A organización do ensino e da rede de difusión cultural ao servizo destes obxectivos.
- O BNG defenderá a promoción, publicidade e difusión de toda a produción escrita en galego sen as restricións e discriminacións ortográficas actuais, tanto a nivel nacional como nos ámbitos locais.
- A transformación dos medios de comunicación de titularidade pública para que, sendo leais a respecto da súa lei fundacional, xoguen un activo papel de galeguización idiomático-cultural.


A chegada do PP á Xunta de Galiza supuxo o desenvolvemento dunha política cultural que ten na marxinación e subordinación da cultura galega o elemento vertebral. A programación do Xacobeo é unha mostra elocuente, ou o deseño da Cidade da Cultura, no que Galiza está desaparecida e se

privilexian contidos transnacionalizados ou figuras relevantes da cultura española, como é o caso paradigmático de Camilo José Cela.

Este deterioro é máis grave no caso xuvenil, cunha ausencia notoria de referencias culturais, de ocio ou sociais netamente galegas, que provoca un afastamento da nosa cultura que ten incidencia no terreo da toma de conciencia sobre a situación de Galiza.

Porén, esta realidade contrasta a existencia dun tecido cultural e artístico comprometido coa cultura e lingua. Un tecido con potencialidade e capacidade, que podería dar moito de si tanto na cultura de base, como no ámbito profesional. Mais isto require dunha política cultural ao servizo de Galiza e duns medios de comunicación, tanto públicos como privados, dispostos a amosar e prestixiar os nosos sinais de identidade e manifestacións culturais:

- Defender uns medios públicos galegos, que ofrezan unha visión do mundo desde Galiza e que apoiem decididamente as manifestacións culturais e artísticas do país.
- Apoiar as iniciativas de carácter social e/ou privadas que aposten por medios de comunicación en galego e por unha política informativa que teña como elemento referencial a Galiza.
- Potenciar as manifestacións culturais e artísticas galegas, creando referencias sociais. No actual contexto é moi relevante que os gobernos municipais do BNG aposten por unha política cultural que apoie a nosa cultura de base (bandas, grupos teatrais, musicais....) e que teña nas creacións galegas o eixo no que pivoten as programacións culturais.
- Poñer en marcha accións de defensa do noso patrimonio cultural, dándolle continuidade ao debate sobre a situación na que se atopan os bens que están en mans da igrexa católica e as relacións que neste sentido deben existir entre institucións e igrexa. O BNG promoverá unha plataforma social que reclame a titularidade pública e uso civil do Panteón de Galegos Ilustres.
- Reclamar unha reorientación da Cidade da Cultura para que esta infraestrutura teña uns contidos centrados na nosa cultura nacional e redefinir o modelo de xestión e recursos económicos que se destinan, evitando que absorba a maior parte dos orzamentos culturais ou que se produza un baleirado de fondos e actuacións doutros contentores culturais e institucións que existen na Galiza.
- Diseñar accións concretas no terreo cultural, educativo e social que reforcen o coñecemento mutuo e as relacións coa lusofonía, e que evidencien a potencialidade e proxección internacional do noso idioma no obxectivo de prestixialo na nosa sociedade. Nesta estratexia, promoveremos a participación de Galiza como membro de pleno dereito na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP), defendendo o afortalamento das relacións culturais con Portugal, Brasil e os Países Africanos de Lingua Oficial Portuguesa (PALOP).

 **5. O antiimperialismo e o pacifismo, como un sinal de identidade do nacionalismo galego: a oposición ás inxerencias e agresións militares da OTAN en calquera parte do mundo. O dereito dos pobos a decidiren libremente o seu destino.**

O nacionalismo galego desde as súas primeiras formulacións doutrinais nos momentos das Irmandades da Fala tense definido como un movemento político confesionalmente pacifista e antitético do imperialismo. O referido acerbo ideolóxico formulado inicialmente por Ramón Vilar Ponte, que se recolle na declaración programática do Partido Galeguista, chegará ao nacionalismo de posguerra a través do pensamento de Castelao recollido no “Sempre en Galiza”. Alén doutras consideracións, a formulación que temos feito ao respecto sitúanos na vangarda das posicións políticas máis progresivas da historia da humanidade. Se o imperialismo e a guerra son dúas lóxicas que están emparelladas, de xeito moi particular nos momentos de crise do sistema económica sobre o que se sustenta, o mesmo acontece co antiimperialismo e o pacifismo na medida que son a antítese das dúas realidades anteriores. Aínda que o imperialismo é un fenómeno social e económico que está vinculado a unha etapa da historia da humanidade, os seus elementos definitorios vincúlanse desde as súas orixes ao sistema capitalista. Así as cousas o recurso a guerra e a negación da soberanía dos espazos nacionais forma parte da necesidade do sistema de controlar mercados, recursos naturais e novos espazos para súa expansión. Nesta liña non debe estrañarnos que a escalada bélica que vive o mundo nas últimas décadas, agravada de xeito particular nos últimos anos, estea vinculada ás propias necesidades do sistema, na consideración da guerra como instrumento para saír da crise. Non é este un fenómeno novo, posto que a resposta é a mesma que se lle deu a Longa Crise (Guerra de Europa) ou a Grande Depresión (II Guerra Mundial). O nacionalismo galego afirma a súa vontade antiimperialista, na medida que esta supón apostar por unha nova orde social económica xusta, oponse á Unión Europea, en canto significa a expresión do imperialismo na rexión europea, e defende unha relación entre os pobos baseadas na igualdade e no respecto a soberanía dos mesmos.

A actual realidade internacional e a nosa rotunda posición fronte a ela, debe levarnos a estimular unha actuación social máis incisiva dirixida a contrarrestar a manipulación e a desinformación, no camiño de xerar maior conciencia social sobre as relacións desiguais e inxustas de dominación imperantes no mundo. Nas nosas relacións exteriores en todos os ámbitos, camiñaremos na procura de afortalar e estender as nosas vinculacións e accións comúns con organizacións que partillen estes mesmos principios.

 **6. O feminismo e a transversalidade das políticas de xénero como realidades necesarias para a transformación social.**

O nacionalismo galego, implicado na tarefa de construír un mundo máis xusto, leva anos a defender a loita feminista e o remate das situacións de desigualdade entre homes e mulleres. O combate contra a subordinación social e económica das mulleres é, pois, unha liña de actuación prioritaria para a militancia nacionalista, pois nesta etapa concreta do capitalismo precisamos asegurar as

conquistas realizadas tras duros esforzos e continuar a dar pasos para acadarmos unha sociedade máis xusta e máis libre, que aposte pola transversalidade das políticas de xénero e promova en todas as súas actuacións medidas específicas que teñan en conta a discriminación das mulleres.

7. Creatividade e flexibilidade para facer fronte aos novos desafíos.

A envergadura dos desafíos enunciados require redobrar os esforzos da organización e desenvolver toda a creatividade e flexibilidade para sumar forzas. Responder ás múltiples fronteas de loita abertas e cambiantes pola profunda crise neoliberal e o abrasivo programa recentralizador, co conseguinte ataque á nosa identidade nacional e ao nacionalismo, fai necesario abrir a nosa iniciativa ás diferentes forzas e movementos sociais coa finalidade de artellar a resposta máis ampla e plural posíbel.

A acción institucional debe combinarse cunha estratexia de organización e mobilización da sociedade, na que o nacionalismo lidere con xenerosidade e altura de miras eses procesos. En particular, os nosos concellos deben ser creativos e exemplares no acompañamento desta estratexia.

Será necesario tamén avaliar a oportunidade de crear unha ampla plataforma na que participarmos mancomunadamente con todos aqueles grupos e movementos cos que podemos compartir unha axenda común, a comezar por un movemento nacionalista de notábel potencial na autoorganización da sociedade galega, e a seguir por movementos novos que xorden a medida que a crise actual avanza, creando novos problemas aos que temos que dar resposta de xeito creativo.



TESE DE ORGANIZACIÓN

“Pódese afirmar que á vista das características da nosa nación e do nacionalismo galego, só unha fronte que combine o respecto ás forzas e colectivos que a integran co funcionamento asembleario, é dicir, o respecto ao pluralismo ideolóxico do nacionalismo galego xunto coa práctica do principio democrático (unha persoa militante, un voto) é quen de garantir a hexemonía política do nacionalismo na Galiza”. Esta resolución, aprobada na nosa X Asemblea Nacional, sintetiza como ningunha outra un principio de funcionamento do BNG que goza de plena vixencia e que cómpre ter presente nas actuais circunstancias.

O valor da militancia.

A evolución da dinámica organizativa do BNG dos últimos anos vén a remarcar o *valor da militancia* do BNG como un dos seus maiores e mellores activos. O avance e mellora organizativa da fronte patriótica virá dada, en primeiro lugar, en situar as e os militantes do BNG como elemento central para unha activación completa da organización. Os axustes organizativos, nos distintos niveis territoriais e sectoriais, sendo necesarios, deben ser o corolario da activación da afiliación nacionalista, cunha nada desprezábel envergadura tanto cualitativa como cuantitativamente.

As condicións específicas nas que ten que actuar unha forza política transformadora como o BNG, sen soporte de grupos económicos e de comunicación, outórganlle un valor engadido á nosa militancia que convén desenvolver en dous planos: Como fonte de iniciativas e propostas a formular no ámbito asembleario local e comarcal, e que se deben concretar nos órganos de dirección e, interrelacionado co dito, como corpo que permite desenvolver a arroupar as iniciativas políticas adoptadas nos distintos órganos de decisión, concretándoas nun espazo social e territorial determinado.

Por último, as e os militantes do BNG debemos ser exemplo. A honestidade no traballo institucional e social, a entrega dentro das posibilidades de tempo que cada quen ten, a crítica á ostentación sendo exemplo de actitude coherente na representación pública, son valores que –agora máis que nunca- deben estar no primeiro plano colectivo e no individual.

Máis e mellor militancia.

Un dos problemas que se veñen producindo nos últimos tempos é a diminución do debate político nos organismos e asembleas comarcais e locais que moitas veces invisten o tempo en dar conta ou tratar cuestións burocráticas ou fundamentalmente relacionadas coa actividade institucional municipal. Paralelamente, non temos estimulado coa suficiente intensidade na base afiliativa un incremento dos coñecementos sobre a realidade material de Galiza, tanto no plano da nosa Historia, Economía, Lingua, Cultura e Patrimonio, alén de esclarecer mellor e papel das diversas

institucións de goberno, sabendo dos seus límites e das súas posibilidades. Para lograr estes obxectivos propónse:

- O fomento da participación, do debate e a adquisición de coñecementos elaborando anualmente, tanto a nivel nacional como comarcal, un plan de formación que combine temáticas de contido ideolóxico con outras do día a día, de xeito que a afiliación poida ter ferramentas para a súa actuación política diaria.
- Incluír na orde do día dos Consellos e Asembleas Comarcais e Locais un punto de debate político a definir polo propio organismo. Paralelamente trasladarase para coñecemento e debate da afiliación os Informes políticos aprobados nas reunións do Consello Nacional.
- O BNG intensificará a actividade política e social como organización. Para iso, deseñará campañas propias nas que se ampliará a participación relevante de referentes e activos sociais (responsábeis locais, comarcais, responsábeis de área e militantes), alén das persoas que representan ao conxunto da organización nas institucións.
- Os Consellos Comarcais, coa participación directa da afiliación, persoalmente e/ou a través das Asembleas e os Consello Locais, deseñarán unha política de participación activa da militancia dentro da organización e na vida social a través do tecido asociativo de todo tipo. Desde a dirección nacional planificarase un traballo con obxectivos a este respecto, comezando polo asociacionismo cultural, artístico, veciñal e da mocidade, así como no ámbito sindical, con concreción comarcal e local e seguimento e control para a súa real execución.
- Reorientación do “Benegá ao día”, fixando unha periodicidade en función das posibilidades económicas, co obxectivo de que os seus contidos tamén atendan aspectos formativos e sexa unha publicación que esclareza aspectos centrais do debate político nacional.
- A comunicación interna da organización debe servir para mellorar a información que reciben os afiliados e afiliadas do que acontece nos diferentes organismos. Por iso mesmo, o BNG ten que asumir o compromiso de comunicarlle periodicamente á militancia os principais acordos e debates que se dan no seu seo. Asemade, as canles internas deben servir para que os grupos organizados dentro da fronte poidan enviar os seus posicionamentos ao conxunto da afiliación, naqueles procesos internos así regulados polo Consello Nacional.

Posibilidades e aproveitamento das novas tecnoloxías.

Debemos facer como organización un uso activo e eficaz das novas tecnoloxías, dado que nos permiten unha inmediatez na transmisión de información, mais sendo conscientes que a información –por si soa- non se transforma en acción nin en toma de consciencia, nin pode substituír o debate e a toma de posición, só posíbel coa participación directa. Debemos ter claro que o seu papel debe ser de instrumento e non de substituto do contacto persoal e do traballo de rúa, elemento que sigue sendo central na nosa alternativa política.

Nos últimos anos o BNG tivo importantes avances neste ámbito coa transmisión de opinión e información á nosa base de afiliación e simpatizantes pero quedáanos moito por andar, por iso propoñemos:

- A reformulación da web nacional mellorando e ampliando a información que ofrece e facéndoa máis intuitiva.

- A reformulación do boletín electrónico do BNG con dous tipos de formatos: o informativo e o formativo, coordinando co que se fai a nivel comarcal e local co fin de evitar a multiplicidade de envíos que acaba por saturar aos receptores e por tanto perde a súa efectividade.

- A posta en marcha da rede de ciberbloqueiros que se experimentou nas pasadas eleccións municipais fornecendo aos seus membros de materiais que lles permitan espallar os posicionamentos do BNG no seus ámbitos.

- O traslado á Executiva e Consello Nacional, desde a Comisión Nacional das Novas Tecnoloxías, dunha proposta detallada de creación dun espazo compartido na rede para a participación voluntaria da militancia do BNG. Terá por obxecto servir de pulo e ferramenta ao traballo político mediante o intercambio de informacións e opinións. Será de acceso restrinxido a través de clave outorgada ás/aos militantes que o soliciten, cuxa identidade real estará permanentemente ligada ás achegas que fagan a esta rede.

- A coordinación dos perfís oficiais do BNG nas redes sociais para unha mellor funcionalidade na transmisión das nosas posicións políticas e no espallamento de contidos positivos para o país. Estimularase aos nosos responsábeis orgánicos e institucionais a participaren nas redes sociais con perfís propios, para aproveitaren estas posibilidades de comunicación na súa actividade política.

Noutra liña de traballos, cómpre subliñar os pasos dados polo BNG no seo do goberno galego entre 2005 e 2009 coa posta en marcha de Mancomún, centro de referencia do software libre en Galiza. Mais a volta do PP á Xunta de Galiza truncou esta iniciativa novidosa, apostando polo software privativo máis caro para as arcas públicas. Cómpre que o BNG faga unha aposta decidida polo software libre en galego en todos os eidos, internamente en primeiro lugar, mais tamén nas



administracións públicas, dándolle a cobertura necesaria para logramos o desenvolvemento dun tecido empresarial propio no eido das novas tecnoloxías e o software.

Adecuacións organizativas.

A actual estruturación organizativa do BNG tense amosado axeitada para o seu funcionamento, aínda así, como en todo colectivo, precisamos acometer algunhas modificacións co obxectivo de estimular a participación, o debate político, unha maior e mellor actuación na sociedade así como solventar lagoas detectadas nos Estatutos.

- Executiva e Portavocía Nacional

Un dos principios básicos do BNG é a pluralidade, que debe estar garantida nos distintos organismos en base á decisión da militancia. Sendo o Consello Nacional (CN) o máximo órgano de dirección do BNG entre asembleas nacionais, consideramos que na conformación da Executiva Nacional debe estar garantida a presenza das candidaturas que obtiveran o apoio da afiliación na elección dos membros do CN electos directamente na Asemblea Nacional. En base a isto, no caso de presentárense varias candidaturas ao Consello Nacional, a Executiva conformarase tamén de xeito proporcional ao apoio acadado por cada unha das candidaturas ao Consello Nacional e seguindo a orde de cada candidatura.

No caso de haber unha soa candidatura ao Consello Nacional, a proposta de Executiva ficaría conformada polas 15 primeiras persoas da candidatura. Resultará electo Portavoz Nacional a persoa que encabece a lista máis votada para o Consello Nacional.

- Separación de cargos

Consideramos que a Portavocía nacional do BNG e a candidatura á presidencia da Xunta de Galiza deben ser ocupadas por persoas distintas, sendo este o mellor xeito de preservar o funcionamento orgánico do BNG sen que se vexa afectado pola dinámica e acción institucional e electoral, incentivando o traballo en equipa e non o individualismo e o personalismo, sen menoscabo da responsabilidade e da capacidade individual. O BNG poderá deste xeito aproveitar a existencia de referentes que asumen diferentes funcións seguindo sempre unha mesma liña política deseñada colexiadamente. En base a este razoamento a existencia da figura da Coordinación Executiva resultaría innecesaria, por esta razón suprimiríase.

- Candidatura á Presidencia do Goberno galego

Sen prexuízo de que dada a proximidade da vindeira convocatoria electoral a designación do/a candidato/a á Presidencia da Xunta se realice na XIII Asemblea, non hai razón para que no sucesivo se continúe a diferenciar e separar o proceso que se segue para o seu nomeamento dos outros candidatos ou candidatas ao Parlamento galego. Mais sendo conscientes da importancia real que ten, e co fin de lograr unha maior implicación da militancia, a súa elección farase coa participación de toda a militancia co voto en urna nas distintas comarcas. Garantirase que ese proceso vaia

acompañado por presentación das propostas por parte dos/as candidatos/as á militancia tanto coa presenza nas distintas asembleas como cos medios organizativos precisos.

- Partidos e colectivos da fronte patriótica

Unha das riquezas que expresan a pluralidade dentro da unidade no BNG é a existencia de partidos e colectivos no seu seo. Supoñen o recoñecemento da existencia de distintas culturas, tradicións e ideoloxías políticas no nacionalismo galego. Esta existencia ten que ser real e debe promover a igualdade de dereitos e obrigas dentro do BNG, por iso compre que os partidos e colectivos -dentro da súa total autonomía para decidir as súas normas de funcionamento- informen anualmente ao Consello Nacional da composición dos seus organismos nacionais de dirección, da celebración dos seus órganos máximos de decisión, así como de cando deixen de ter funcionamento orgánico, etc. O Consello Nacional tamén velará para que ningunha das partes ou membros da fronte teña comportamentos gravemente desleais ou contrarios á unidade do BNG. Tamén é preciso que os colectivos e partidos asuman na práctica o mandato estatutario de que todas e todos os seus membros teñen que ser militantes do BNG. O desempeño das funcións de portavoz nacional, candidato/a á Xunta, portavoz no parlamento galego, español e europeo levará consigo a imposibilidade de desempeñar o cargo de portavoz interno ou externo, público, da corrente á que se pertenza, debendo representar exclusivamente ao BNG.

- Proceso de elaboración das candidaturas do BNG ás eleccións municipais

O Consello Nacional do BNG elaborará unha nova regulamentación para a elaboración das candidaturas ás eleccións municipais. Para esta tarefa, e coa intención de que a mesma goce de estabilidade e permanencia unha vez aprobada, teranse en conta previamente as distintas propostas e consideracións que emanen do propio órgano e dos consellos comarcais do BNG, someténdose novamente a proposta resultante á consideración dos órganos de dirección comarcais antes da súa aprobación definitiva polo Consello Nacional.

A nova regulamentación buscará facer compatíbel a vontade democrática da organización, o pluralismo e os distintos criterios políticos e requirimentos legais a empregar na confección das nosas candidaturas. Deberá estar aprobada coa antelación suficiente para ser aplicada nas vindeiras eleccións municipais após a 13ª Asemblea Nacional.

- Comisión Nacional de Organización

Tendo por obxecto lograr unha maior expansión do BNG, que esta sexa coherente politicamente e con maior unidade de criterios, crearase a Comisión Nacional de Organización integrada pola persoa responsábel da Secretaría de Organización e os e as Responsábeis Comarcais. Esta comisión tería como principais cometidos a coordinación e o seguimento na aplicación dos acordos adoptados polos órganos nacionais do BNG, a definición das actuacións precisas para aumentar a presenza social da nosa organización, incrementar a afiliación e mellorar o noso traballo político.

- Dos/as liberados/as

As/os militantes do BNG terán preferencia nas contratacións internas e verán garantidos todos os seus dereitos. O BNG establecerá uns mecanismos de selección uniformes para todos os procesos, en todas as instancias tanto institucionais, como orgánicas e territoriais. Os procesos deberán garantir os principios igualdade, mérito e capacidade e deberán ser publicitados para que calquera militante que, cumprindo os requisitos exixidos, desexe acceder ao posto, teña posibilidade de facelo.

- Outras reformas e precisións

Nos últimos anos producíronse algunhas disfuncións á hora da renovación de cargos, encadramento en asembleas dos novos afiliados e afiliadas e dereitos de participación. A causa é que nos estatutos actualmente en vigor son cuestións que non están suficientemente especificadas. Para rematar con estas disfuncións propoñemos as seguintes modificacións:

- Que no caso de producirse a renuncia dun ou dunha responsábel ou vice-responsábel comarcal ou local será o propio órgano o que elixa de entre os seus membros á substituta ou substituto, que exercerá a función até a celebración do seguinte proceso de renovación do mesmo.
- Procurarase que os novos afiliados e afiliadas teñan coñecemento dos principios políticos fundacionais do BNG, encadrándose necesariamente na asemblea local onde teñan unha relación directa de veciñanza ou laboral.
- Que todas as altas, previamente á súa tramitación polo Consello Comarcal correspondente, contarán cun informe do Consello Local da localidade na que se encadre o novo afiliado ou afiliada.
- Que para ter dereito a participar na Asemblea Nacional e en todos os procesos internos de elección hai que contar cando menos cunha antigüidade de tres meses e as cotas ao día na data da convocatoria do proceso correspondente.
- Que unha persoa dada de baixa por impago de cotas para darse de alta de novo deberá pagar previamente as cotas adebedadas.
- As Comisións Permanentes, como instrumento de impulso das Comisións Nacionais do BNG, estarán conformadas cun representante do Consello Comarcal nomeado expresamente para tal función.
- As convocatorias de Asembleas Nacionais deben adecuarse estritamente aos procedementos previstos nos Estatutos vixentes. Calquera modificación proposta nos documentos a debate, entrará en vigor unha vez aprobada pola Asemblea Nacional.
- Modificarase o artigo 3 dos actuais estatutos do BNG, reintroducindo o dereito á participación directa de toda a afiliación nas asembleas nacionais, de acordo coas normas establecidas en canto a cotas, prazos de alta e inscrición previa para a participación no proceso asembleario. Esta decisión só poderá ser modificada no futuro se é aprobada por unha maioría cualificada de 2/3 dos membros do BNG.
- Todas as propostas recollidas no presente documento que afecten aos Estatutos serán

incorporadas aos mesmos. Os novos Estatutos serán remitidos a toda a militancia, ou colgados na web do BNG para facilitar a súa consulta, nun prazo non superior a un mes.

- Estruturación, funcións e protocolo de funcionamento da Comisión Nacional de Política Municipal

- Sumará aos seus obxectivos o debate e formulación de propostas de alternativas sobre temas da política municipal que teñan un ámbito preferentemente nacional, para o seu traslado á Executiva Nacional.
- Promoverá debates para unha maior homologación e coordinación das iniciativas municipais no ámbito nacional, promovendo reunións e xornadas sobre temas fixados previamente.
- Favorecerá o contacto con persoas ou colectivos que poidan aportar ao traballo municipal informacións de carácter técnico ou sectorial.
- Reunirase trimestralmente con carácter ordinario, ou con carácter extraordinario cando o acorde a EN, o requira a posta en marcha de iniciativas nacionais ou o solicite algunha comarca xustificadamente.
- Crearanse Comisións Comarcais de Política Municipal para formular propostas de iniciativas políticas, sociais e institucionais aos Consellos e Executivas comarcais.

Acción social

Sen menoscabo do necesario traballo institucional que unha forza política útil como o BNG debe desenvolver, este debe estar sempre unido á realidade social nos diferentes eidos de actuación para non perdermos nunca a perspectiva do noso papel histórico como organización. Con esa orientación, os órganos de dirección do BNG, nos diversos chanzos territoriais, elaborarán un estudo que contemple a posta en marcha de espazos abertos á sociedade, vinculados ao nacionalismo, que permitan a organización de actividades sociais, lúdicas, de formación, etc., en diversos ámbitos, dirixidas especialmente á mocidade, consolidando ao tempo eventos como o Festigal, e promovendo outras actividades vinculadas á celebración e popularización do Día da Patria Galega.





www.bng-galiza.org

facebook.com/bloquenacionalistagalego

twitter.com/obloque